Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:15:43
Nº Rexistro: 39530
Data envío: 27/11/2025 12:15:43,420

Asinado o día 27/11/2025 ás 12:14
Por Rosana Pérez Fernández

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a Senda dos Faros e o Camiño do Litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Plan de Ordenación do Litoral inclúe no apartado de Normativa unha “Disposición Adicional Segunda” co seguinte contido:

ADICIONAL 2ª. Sendas dos Faros

No prazo de dous anos tras a entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, a Consellería competente na materia iniciará o Plan, ou Plans Especiais que desenvolvan a Senda dos Faros recollida na Memoria do presente documento. A Senda dos Faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido. Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de sendeiros claramente delimitados, accesibles e seguros, para o uso e gozo da sociedade.

Recentemente, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático anunciou en Poio a intención da Xunta de habilitar o chamado “Camiño do Litoral”, unha senda de 1.300 km que uniría Ribadeo e A Guarda. A nova de prensa publicada o pasado 15 de novembro estaba encabezada polos seguintes titulares:

Asinado o día 27/11/2025 ás 12:14
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 27/11/2025 ás 12:14
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:15:43
Nº Rexistro: 39530
Data envío: 27/11/2025 12:15:43,420

A Xunta investirá 2 M€ en 2026 en habilitar o Camiño do litoral para unir a Galicia costeira de norte a sur e poñer en valor todo o seu patrimonio

A senda, de 1.300 quilómetros e dividida en 52 etapas, poderá percorrerse desde Ribadeo ata A Guarda, a pé, e de Ribadeo ata Tui, en bicicleta

Tendo en conta que o Plan de Ordenación do Litoral continúa en vigor en tanto non se aproben os instrumentos previstos na Lei galega de xestión integrada do litoral, resulta de interese coñecer que instrumento de planificación vai facer o goberno galego para desenvolver o denominado “Camiño do Litoral”, anteriormente denominado “Senda dos Faros”.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que instrumento de planificación ten previsto aprobar a Xunta para desenvolver do denominado como “Camiño do Litoral”, anteriormente denominado “Senda dos Faros”?

Elaborou a Xunta un Plan ou Plans Especiais co obxecto de establecer o percorrido, os obxectivos e as actuacións do “Camiño do Litoral” ou da “Senda dos Faros”?

Que previsións ten a Xunta para o desenvolvemento deste proxecto en canto a prazos, custos e orzamentos para o ano 2026 e seguintes?

Que vías de coordinación ou cooperación estableceu a Xunta cos concellos polos que discorre o Camiño do Litoral/Senda dos Faros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 12:14:20

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2025 12:14:27

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2025 12:14:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:15:43
Nº Rexistro: 39530
Data envío: 27/11/2025 12:15:43,420

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:15:43
Nº Rexistro: 39530
Data envío: 27/11/2025 12:15:43,420

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 12:15:43

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a tala de decenas de arbores de elevado na contorna do encoro de Cachamuiña no Concello do Pereiro de Aguiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días de novembro de 2025, os veciños e usuarios habituais do espazo natural de Cachamuiña (concello de Pereiro de Aguiar, área metropolitana de Ourense) atopáronse cunha imaxe desoladora: a tala masiva de máis de trinta piñeiros de grande porte, moitos deles con idades superiores aos 50 anos, situados na marxe esquerda do encoro do río Loña, xusto na contorna do carril-bici e da zona de lecer máis empregada pola cidadanía.

Esta masa arbórea non era un simple conxunto de árbores, senon que constituía o último refuxio de sombra, frescura e beleza paisaxística nun dos poucos espazos verdes urbanos que sobreviven á presión urbanística e á contaminación térmica da comarca. Ademais, desempeñaba funcións ambientais fundamentais: protección acústica fronte ao ruído da estrada OU-105, regulación microclimática, retención de po e carbono, refuxio de avifauna e pequenos mamíferos e, sobre todo, elemento característica dunha paisaxe que forma parte do imaxinario colectivo das ourensás.

A xustificación oficial ofrecida pola Xunta de Galicia, recollida textualmente polo xornal La Región foi a de “protexer a integridade dos ciclistas ante as raíces”. A



pretendida “xustificación” da actuación realizada carece do máis mínimo rigor técnico posto que as molestias que eventualmente puideran causar o levantamento das raíces podería resolverse con distintas solucións técnicas moito menos lesivas, como a elevación localizada do firme, a protección con enreixado ou resina, ou mesmo cunha desviación mínima do trazado. Alternativas que se aplican en numerosos carril-bicis, e que evitan arrasar co patrimonio arbóreo.

Non consta que a talla executárase previa información previa ao Concello de Pereiro de Aguiar, ou consulta a asociacións ecoloxistas nin aos colectivos veciñais, e sen que tampouco conste a presentación de proxecto técnico, autorización ambiental ou expediente público que a xustifique. De confirmarse tal extremos estarías ante unha actuación arbitraria, carente de procedemento administrativo e, xa que logo, eventualmente ilegal.

Esta actuación prodúcese, na contorna dun espazo de especial valor paisaxístico, e nun contexto temporal nun contexto no que distintas institucións, tanto nacionais, como estatais ou europeas, demanda medidas de protección do arborado, urbano e periurbano como como sumidoiros de carbono e refuxios de biodiversidade, polo que, en todo caso, está tala debería vir acompañada de medidas compensatorias que non consta estean previstas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Existe autorización administrativa ou procedemento de control ambiental para a tala de decenas de exemplares arbóreos de grande porte na contorna do encoro de Cachamuiña, no concello de Pereiro de Aguiar?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- No seu caso cando e quen elaborou o proxecto para tal intervención e cando se aprobou a mesma?

- Cal foi a razón da actuación, as alternativas analizadas e en que informes técnicos se amparan?

- Cal era o número e características (altura, idade, especie...) dos arbores a talar e cal foi o do realmente executado?

- Que medidas de reposición ou compensación ambiental (reposición obrigatoria, plantación compensatoria, fondos de mellora do hábitat) ten previsto executar a Xunta para reparar o dano causado ao ecosistema, ao valor paisaxístico e á función de pantalla acústica que exercía a masa arbórea eliminada?

- Quen foi a entidade ou empresa encargada da execución dos traballos?

- No seu caso, cal foi o procedemento de contratación ou encomendo a persoa, física ou xurídica, encargada da execución da actuación?

- Someteuse o proxecto a algún tipo de información pública no que a cidadanía ou asociacións ecoloxistas ou representativas de intereses colectivos puidesen realizar alegacións ou propostas?

- Informouse da tala ao Concello de Pereiro de Aguiar previamente á intervención?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/11/2025 12:26:49

Luis Bará Torres na data 27/11/2025 12:27:30

Óscar Insua Lema na data 27/11/2025 12:27:37

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2025 12:27:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 12:28:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:28:39
Nº Rexistro: 39538
Data envío: 27/11/2025 12:28:39.376

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 13:20:01
Nº Rexistro: 39562
Data envío: 27/11/2025 13:20:01.618

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

En 1994 créase a Comisión Nacional de Protección da Natureza e, no seu seo, o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), órgano especializado de cooperación e coordinación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais. O Real decreto 1424/2008 consolida esta estrutura e establece a composición e funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, adscribindo ao CLIF como comité especializado para a coordinación dos medios de auxilio, comunicación e medios aéreos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

A normativa estatal evolucionou de maneira significativa ao longo da última década, especialmente para se adaptar aos novos escenarios de incendios de alta intensidade e comportamento extremo. Así, o Real decreto 893/2013 aprobou a directriz básica de planificación de protección civil por incendios forestais; en 2014 incorporouse o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais; e en 2022 aprobouse o Real decreto-lei 15/2022, que introduciu reformas clave na Lei de montes e novas obrigas para as comunidades autónomas en materia de planificación, prevención, vixilancia, restauración forestal, reforzo da protección civil e coordinación co Estado.

Entre esas obrigas destaca especialmente a modificación do artigo 48 da Lei de montes, que establece que os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados polos órganos competentes das CCAA e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente á súa aplicación. Estes

Asinado o día 27/11/2025 ás
13:10
Por Lara Méndez López

Asinado o día 27/11/2025 ás
13:09
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

140110

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 13:20:01
Nº Rexistro: 39562
Data envío: 27/11/2025 13:20:01.618

plans deben considerarse instrumentos preferentes para o conxunto das políticas territoriais e deben integrar criterios de risco que afecten á ordenación do territorio, ao urbanismo, aos plans de áreas protexidas e aos instrumentos de planificación forestal.

Así mesmo, o Real decreto-lei 15/2022 introduciu a obriga de manter actualizados os dispositivos de prevención e extinción e engadiu un novo artigo 50 bis relativo aos traballos de restauración forestal e ambiental, que tamén deben contar cun plan actualizado en materia de prevención e extinción.

Adicionalmente, o 28 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as “Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España”, elaboradas polo CLIF, que inclúen liñas prioritarias como integrar o risco de incendios na planificación territorial e urbanística, desenvolver os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), reforzar a planificación de defensa, adaptar os dispositivos aos novos escenarios, garantir formación continua do persoal, fomentar a participación mediante mesas do lume e mellorar a educación forestal da cidadanía.

Finalmente, o Real decreto 716/2025, do 26 de agosto, aprobou as directrices e criterios comúns dos plans anuais autonómicos para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais, co obxectivo de constituír un marco común que garanta coherencia operativa e coordinación entre administracións. Entre os seus criterios, establece a necesidade de:

- a) Fomentar unha educación forestal básica do conxunto da sociedade.
- b) integrar os incendios nos plans de áreas protexidas,
- c) considerar o risco na planificación urbanística,
- d) incorporar o lume á planificación forestal,
- e) reforzar a prevención desde a protección civil mediante plans de actuación de ámbito local,

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

140111

28071 Madrid

@PSdeG



- f) potenciar a resistencia e resiliencia das masas forestais ante o lume
- g) mellorar a xestión das emerxencias,
- h) actualizar os dispositivos de defensa contra incendios,
- i) garantir formación continua para o persoal que traballa no dispositivo de extinción,
- j) promover a investigación en materias sociais e económicas,
- k) crear mesas do lume para participación activa dos colectivos e xestores implicados,
- l) fomentar unha educación forestal básica da sociedade,

Á vista deste marco normativo estatal, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia cumpra estritamente as obrigas legais en materia de prevención, planificación, formación, participación e aprobación en prazo dos seus plans anuais de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais.

Ante a situación descrita, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que explicación ofrece a Xunta de Galicia para non aprobar e publicar no prazo legal —antes do 31 de outubro— o Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais, conforme ao artigo 48 da Lei de montes e ás directrices establecidas polo Real decreto 716/2025?
2. Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia para integrar o risco de incendios forestais nos instrumentos de planificación territorial, urbanística e forestal, incluíndo os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e os plans de áreas protexidas, conforme ás esixencias do Real decreto-lei 15/2022 e do Real decreto 716/2025?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 13:20:01
Nº Rexistro: 39562
Data envío: 27/11/2025 13:20:01.618

3. Que plans ten a Xunta para adaptar e modernizar o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais aos novos escenarios climáticos e de comportamento extremo do lume, segundo o marco obrigatorio definido polo Real decreto-lei 15/2022 e polo Real decreto 716/2025?

4. Que actuacións está a desenvolver a Xunta para garantir unha formación continua, obligatoria e acreditable para todo o persoal dos dispositivos de prevención e extinción, tal como establecen as orientacións do CLIF e o Real decreto 716/2025?

5. Cando prevé a Xunta constituír e convocar Mesas do Lume de participación activa, coas entidades locais, propietarios forestais, persoal técnico, sindicatos e organizacións ambientais, tal e como establecen as orientacións estratéxicas aprobadas polo CLIF en 2022 e as directrices do Real decreto 716/2025?

6. Que pasos deu a Xunta para reforzar a prevención dende o ámbito da protección civil local e comarcal mediante a elaboración e desenvolvemento de plans de actuación, segundo o establecido no Real decreto 716/2025?

7. Como está a cumprir a Xunta a obriga establecida no artigo 50 bis da Lei de montes para garantir que todos os traballos de restauración forestal e ambiental dispoñan dun plan actualizado de prevención, vixilancia e extinción?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

140113

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2025 13:09:58

Lara Méndez López na data 27/11/2025 13:10:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 13:20:01
Nº Rexistro: 39562
Data envío: 27/11/2025 13:20:01.618

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 13:20:01
Nº Rexistro: 39562
Data envío: 27/11/2025 13:20:01.618

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 13:20:02

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 16:31:30
Nº Rexistro: 39590
Data envío: 27/11/2025 16:31:30,969

Asinado o día 27/11/2025
16:29
Por Enrique Barreiro Díaz

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O sector primario galego constitúe un pilar fundamental da economía, do equilibrio territorial e da identidade cultural de Galicia. A actividade agraria, gandeira e forestal xera riqueza, emprego e innovación, ao tempo que garante a produción de alimentos, a conservación da paisaxe e o mantemento dun tecido social dinámico en todo o territorio. O rural galego ofrece tamén un espazo de oportunidade para o desenvolvemento de proxectos de vida e para o emprendemento das novas xeracións, que atopan nel un ámbito propicio para innovar e contribuír ao progreso común.

Asinado o día 27/11/2025 ás 16:29
Por María Encarnación Amigo Díaz

Neste marco, o relevo xeracional configúrase como unha prioridade estratéxica das políticas públicas do goberno galego orientadas ao fortalecemento do sector primario, a continuidade das explotacións, mellora a competitividade do sector e permite incorporar novas visións que impulsan a modernización e a sustentabilidade, garantizando así o futuro do sector.

A incorporación de mozas e mozos ás explotacións e actividades vinculadas ao territorio é esencial para garantir o relevo e así a continuidade das producións, favorecer a diversificación económica e fortalecer a presenza de persoas formadas, motivadas e capaces de incorporar novas tecnoloxías e prácticas sostibles no rural.

Garantir este relevo require actuar con anticipación e cunha visión de longo prazo que permita configurar un sector rural robusto, dotado de infraestruturas actualizadas, servizos accesibles e condicións de vida atractivas para quen decide desenvolver nel o seu proxecto vital.

Asinado o día 27/11/2025 ás 16:29
Por Nicole Grueira Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Tamén require da colaboración entre administracións, organizacións profesionais, cooperativas, centros de formación e o conxunto da sociedade para articular un modelo de apoio integral que facilite a incorporación da mocidade, impulse a igualdade de oportunidades e fortaleza un rural sustentable e con futuro.

En definitiva, promover e consolidar a remuda xeracional no sector primario galego constitúe, en suma, unha acción prioritaria de interese estratéxico para Galicia, orientada a garantir a continuidade e a modernización dun sector esencial para o desenvolvemento económico, a sustentabilidade ambiental e a cohesión territorial do territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar o relevo xeracional no medio rural e garantir a incorporación de mozas e mozos ás actividades agrarias, gandeiras e forestais?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 27/11/2025 16:29:23
María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2025 16:29:34
Enrique Barreiro Sánchez na data 27/11/2025 16:29:56
Cristina Campero Dorado na data 27/11/2025 16:30:10
Juan Manuel Casares Gándara na data 27/11/2025 16:30:18
José Mato Díaz na data 27/11/2025 16:30:34
Ángel Rodríguez Conde na data 27/11/2025 16:30:43
Cecilia Vázquez Suárez na data 27/11/2025 16:30:55
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 27/11/2025 16:31:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 16:31:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 16:31:30
Nº Rexistro: 39590
Data envío: 27/11/2025 16:31:30,969

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

As cooperativas agrarias constitúen un elemento estratéxico na estrutura produtiva e un eixo fundamental para o desenvolvemento do sector primario galego. A súa capacidade para organizar recursos, integrar servizos e fortalecer a posición das explotacións agrogandeiras permite avanzar cara a modelos produtivos eficientes, competitivos e orientados á sustentabilidade.

A través do cooperativismo, as explotacións melloran a súa capacidade de negociación, optimizan custos e incorporan procesos tecnolóxicos e organizativos que inciden de maneira directa na súa rendibilidade e viabilidade a medio e longo prazo.

Ademais, as cooperativas desempeñan tamén un papel central na dinamización das cadeas de valor agroalimentarias e forestais, ao integrar procesos de produción, transformación e comercialización, garantindo estabilidade para as persoas socias e facilitando o acceso a novos mercados. Así mesmo, actúan como motores de innovación, difusión de boas prácticas e xeración de emprego de calidade, contribuindo á profesionalización do sector e á cohesión económica e social das comarcas rurais.

Neste contexto, as políticas públicas de apoio ás cooperativas son, por tanto, instrumentos imprescindibles para consolidar un modelo produtivo robusto, innovador e plenamente integrado nos obxectivos de desenvolvemento rural. Consciente disto, o Goberno galego vén reforzando este compromiso mediante programas específicos de impulso ao cooperativismo, entre os que destaca a liña de axudas destinada ao fomento do uso compartido de maquinaria agrícola,





dotada con 3,6 millóns de euros na convocatoria de 2025. Estas actuacións contribúen a fortalecer o tecido cooperativo, a mellorar a eficiencia produtiva das explotacións e a consolidar un rural dinámico e atractivo para o emprendemento e para o desenvolvemento de proxectos empresariais viables.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións está a desenvolver, actualmente, o Goberno galego para apoiar e fortalecer o cooperativismo agrario en Galicia, especialmente no relativo á modernización de maquinaria e equipamentos?
2. Que balance realiza o Goberno galego de ditas políticas de apoio ás cooperativas agrarias?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 27/11/2025 16:35:38
María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2025 16:35:48
Enrique Barreiro Sánchez na data 27/11/2025 16:35:56
Cristina Campero Dorado na data 27/11/2025 16:36:07
Juan Manuel Casares Gándara na data 27/11/2025 16:36:15
José Mato Díaz na data 27/11/2025 16:36:32
Ángel Rodríguez Conde na data 27/11/2025 16:36:41
Cecilia Vázquez Suárez na data 27/11/2025 16:36:52
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 27/11/2025 16:37:05



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 16:37:21
Nº Rexistro: 39592
Data envío: 27/11/2025 16:37:21.510

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 16:37:22

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladron Lamas, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estación de A Gudiña–Porta de Galicia é unha infraestrutura esencial para garantir a mobilidade e a igualdade de oportunidades das comarcas de Monterrei, A Limia, Viana e Valdeorras. Para moitos veciños, esta estación non é un luxo: é a única porta de acceso á alta velocidade e, en moitos casos, o único medio que permite desprazarse para recibir atención sanitaria, acudir a consultas especializadas, realizar trámites administrativos ou manter una vida laboral activa.

Nos últimos meses o Goberno de España e Renfe están adoptando decisións que prexudican gravemente ao sur de Ourense, modificando horarios, recortando frecuencias e deixando sen servizo franxas tan necesarias como primeiras horas da mañá ou últimas da tarde.

Estas decisións xeraron un malestar social evidente, que se concretou en mobilizacións e protestas. Diversos colectivos veñen reclamando unha rectificación inmediata. Entre eles destaca a Asociación Española Contra o Cancro (AECC), que leva tempo advertindo do impacto que estes horarios teñen sobre pacientes oncolóxicos que dependen do AVE para chegar ás súas consultas, tratamentos e revisións médicas. Tamén colectivos veciñais, plataformas cidadás e usuarios teñen denunciado que o rural ourensán está a recibir un trato discriminatorio e que se está poñendo en risco o dereito básico á modalidade.

Mentres noutras provincias se reforzan servizos, en A Gudiña–Porta de Galicia redúcense e limítanse de forma preocupante, xerando menos oportunidades, máis illamento e unha sensación crecente de abandono por parte do Goberno central.





Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que información manexa a Xunta de Galicia sobre as modificacións nos horarios e frecuencias do AVE na estación de A Gudiña-Porta de Galicia, e cal é a súa valoración respecto ao impacto que estas decisións do Goberno de España están a ter na mobilidade e conectividade das comarcas da Limia, Monterrei, Viana e Valdeorras?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 27/11/2025 16:54:29
Cristina Campero Dorado na data 27/11/2025 16:54:42
Moisés Rodríguez Pérez na data 27/11/2025 16:54:58
José Luis Ferro Iglesias na data 27/11/2025 16:55:11
Rubén Lorenzo Gómez na data 27/11/2025 16:55:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 27/11/2025 16:55:35
Carmen Pomar Tojo na data 27/11/2025 16:55:46
Roberto Rodríguez Martínez na data 27/11/2025 16:55:58
Gonzalo Trenor López na data 27/11/2025 16:56:06
Katherinie Varela Fernández na data 27/11/2025 16:56:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 16:56:37
Nº Rexistro: 39594
Data envío: 27/11/2025 16:56:37.113

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 16:56:37

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da residencia DomusVi San Lázaro de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia DomusVi San Lázaro de Santiago de Compostela volve estar no foco público, despois de ser a residencia con máis mortes durante a pandemia da Covid-19 no noso país, pola xestión nefasta na protección das persoas residentes que se produceu naquel momento e que era froito da falta de persoal especialista suficiente para a atención médica e a demora no traslado de persoas a centros hospitalarios.

Esta residencia que conta con 156 prazas con habitación, e que leva anos sendo obxecto de queixas e denuncias por parte das persoas usuarias, do persoal do centro e dos sindicatos, sitúase de novo no centro da preocupación da comunidade, familias e traballadoras deste centro ao ser coñecedoras da denuncia de CCOO o 26 de novembro que fixo pública unha situación de insalubridade na que refiren casos de enfermidades infecto-contaxiosas, empeoramento de hixiene, eivas de seguridade ou a demora na derivación de residentes a centros hospitalarios, en contra do criterio do persoal responsable dos coidados.

O persoal sinala que non se substitúen as baixas, o que ten un efecto directo na calidade dos coidados que se prestan ás persoas residentes con menos persoal para atender as mesmas necesidades. Isto ocasiona, tal e como afirman na última denuncia pública,

Asinado o día 27/11/2025 ás
18:11
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 27/11/2025 ás
18:11
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“falta de hixiene e nutrición adecuadas”, “erros na medicación”, “máis risco de caídas”, “empeoramento do estado dos residentes” ou “aparición de patoloxías infecto-contaxiosas”. Así mesmo, tamén destacan eivas importantes no ámbito da seguranza e do funcionamento de sistemas no centro.

Ante a gravidade da situación denunciada, e máis tendo en conta que afirman que a Xunta de Galiza é coñecedora do que está acontecendo nesta residencia mais que non intervén, aumenta a nosa preocupación ante a falta de actuación da administración con competencia en inspección nas residencias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da problemática denunciada en relación á residencia DomusVi de San Lázaro en Santiago de Compostela antes de que se fixese pública a denuncia máis recente?

- Ten constancia o servizo de inspección de política social da situación denunciada?

- Cando se realizou a última inspección a este centro e cal foi o resultado?

- Que medidas se tomaron desde a Xunta de Galiza desde que se fixo pública a denuncia o día 26 de novembro?

- É coñecedora a Xunta de Galiza de que se producen casos de enfermidades infecto-contaxiosas como a sarna ou a conxuntivite neste centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 27/11/2025 18:11:10

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2025 18:11:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 18:11:53
Nº Rexistro: 39603
Data envío: 27/11/2025 18:11:53,285

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 18:11:53
Nº Rexistro: 39603
Data envío: 27/11/2025 18:11:53,285

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:11:53

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 18:19:44
Nº Rexistro: 39607
Data envío: 27/11/2025 18:19:44.816

Asinado o día 27/11/2025 ás 18:17
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Unidade de Policía Adscrita á comunidade autónoma de Galicia foi creada no ano 1991 como unha unidade do corpo nacional de policía que depende organicamente do Ministerio de Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia.

A Unidade de Policía Adscrita galega conta cun catálogo de efectivos de 500 policías, pero neste momento dispón de só 339.

A paulatina e constante redución de efectivos obrigou recentemente ao Goberno galego a tomar a decisión de reorganizar o número de policías asignados aos distintos servizos sobre os que a UPA ten competencias para, sen deixar de prestar ningunha das funcións que neste momento ten encomendadas, garantir a súa operatividade.

É polo que, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulamos a seguinte pregunta:

1. En que situación se atopa a negociación co Goberno central para acadar a cobertura integral do catálogo de efectivos da Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025

Asinado o día 27/11/2025 ás 18:17
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 27/11/2025 18:17:36
Julio García Comesaña na data 27/11/2025 18:17:45
Roberto Rodríguez Martínez na data 27/11/2025 18:17:53
Argimiro Marnotes Fernández na data 27/11/2025 18:18:10
Paula Mouzo Mas na data 27/11/2025 18:18:23
Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 18:18:31
Carmen Pomar Tojo na data 27/11/2025 18:18:38
María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/11/2025 18:18:45
Katherinie Varela Fernández na data 27/11/2025 18:18:55



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 18:19:44
Nº Rexistro: 39607
Data envío: 27/11/2025 18:19:44.816

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:19:45

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Viso Diéguez, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Encarna Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez e Borja Vereas Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Comisión Europea determina que para acadar unha economía próspera, moderna, competitiva e climaticamente neutra, entre outras cuestións, é preciso reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Neste sentido, o Pacto Verde Europeo recolle o coñecido paquete “Obxectivo 55”, un conxunto de medidas legislativas destinadas a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro da Unión Europea nun 55%, como mínimo, ata 2030 e a situar á Unión na senda para alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050.

E na consecución deste obxectivo a industria forestal xoga un papel fundamental, tanto pola fixación do CO2, como polo secuestro deste, e polo seu gran potencial de substitución doutros produtos. Polo tanto, este sector estratéxico é esencial na transición cara á descarbonización da economía.

De feito, se temos en conta que, no seu conxunto, os edificios son responsables do 40% do consumo enerxético e do 36% dos gases de efecto invernadoiro, segundo calcula a UE, parece básico idear e empregar recursos que axuden a minoralos. Por exemplo, usando materiais de construción orgánicos, como a madeira, o sector da construción pode incluso pasar de emitir carbono a reduci-lo.

Os procesos de fabricación de produtos de madeira para a construción son minimamente contaminantes e consumidores de enerxía. Ademais, a madeira posúe unhas calidades naturais de illamento térmico excepcionais que contribúen á eficiencia enerxética e proporcionan confort aos espazos. Así pois, a madeira





contribúe a reducir o consumo enerxético non só durante o uso do edificio, senón tamén do consumo necesario para a súa construción e desmantelamento.

Neste sentido, en Galicia estanse a poñer en marcha políticas públicas que acompañan tanto a empresas e asociacións, como a particulares, na realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Con estas axudas, preténdese promover a utilización da madeira en construción para impulsar o desenvolvemento de sistemas construtivos sustentables, a utilización de materias naturais, reciclables e reutilizables e a redución do consumo enerxético.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 27/11/2025 18:23:17

Cristina Sanz Arias na data 27/11/2025 18:23:32

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/11/2025 18:23:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2025 18:23:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/11/2025 18:24:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/11/2025 18:24:16

Ángel Rodríguez Conde na data 27/11/2025 18:24:26

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/11/2025 18:24:39

Borja Vereza Fraiz na data 27/11/2025 18:24:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 18:25:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 18:25:05
Nº Rexistro: 39608
Data envío: 27/11/2025 18:25:05.651

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Mas e Ángel Rodríguez Conde, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

O 25 de novembro celebrouse o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Os medios de comunicación son unha ferramenta clave para axudar a atallar a violencia de xénero, tanto polo seu papel na prevención como na sensibilización e concienciación da cidadanía.

Consciente da súa responsabilidade social, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia está comprometida coa loita contra esta lacra. Así, foi a primeira corporación pública en elaborar un documento con recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia de xénero, que xa foi actualizado dúas veces.

É polo que, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulamos as seguintes preguntas:

1. Cal foi a cobertura da Televisión de Galicia, da Radio Galega e das canles dixitais polo 25 de novembro?
2. Como se reflicte este compromiso da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na loita contra esta lacra?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 26/11/2025 11:39:56

Raquel Arias Rodríguez na data 26/11/2025 11:40:18

Enrique Barreiro Sánchez na data 26/11/2025 11:41:28

Víctor Baladrón Lamas na data 26/11/2025 11:41:39

Cristina Campero Dorado na data 26/11/2025 11:42:18

Juan Manuel Casares Gándara na data 26/11/2025 11:42:31

Jesús María Fernández Rosende na data 26/11/2025 11:42:56

Paula Mouzo Mas na data 26/11/2025 11:43:06

Ángel Rodríguez Conde na data 26/11/2025 11:43:22



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2025 11:59:43
Nº Rexistro: 39354
Data envío: 26/11/2025 11:59:43,637

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/11/2025 11:59:46

CSV: BOPGDSPG-1p4j08s0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

